




Actividade 4/c



Actividade 6





uste. Lembra que

as e poemas para
ntar no Nadal
que podes incluír
justen.

scribir unha para
cando pasen.
Despois, escribe

responden. Fixate
ada un e despois
u adornado para

res. Para chegar

e) Agora imos axudar os Reis a facer os roquetes. Como sabedes, somos moitos os que agardamos que nos traían un presente, así que precisamos de moitísima axuda para poder telo todo a tempo. Nós imoslles botar unha man elaborando un agasallo para un compañeiro ou compañeira da clase. A mestra ou o mestre havy de axudar a facer un presente con cousas que teñamos pola casa ou na clase..

Actividade 5

Agora que acabamos a unidade, xa sabemos moitas cousas sobre os Reis, sobre tradicións galegas e podemos responder algunhas preguntas.


Indica se as seguintes afirmacións son *verdadeiras* ou *son falsas* e pensa unha razón.

V F

- Os Reis Magos son tres: Melchor, Gaspar e Baltazar
- Os Reis Magos levaron ouro, incenso e mirra
- Na carta aos Reis hai que pedir todo o que se nos ocorra
- Todos os nenos e todas as nenas teñen moitos agasallos por Reis
- A noite de Reis temos que deixar un zapato ou un chinelo á vista
- As panxoliñas son cancións para xogar á roda
- Os presentes máis bonitos son os máis caros
- Os contos e os libros son un agasallo chulo para Reis
- Non hai doces típicos do Nadal nin de Reis

Actividade 6

Oy Reis na Túa Lingua. Oy Reis en galego. Agora que aprendiches moitas cousas sobre a Noite de Reis en galego,





proposta de actividades **carta aos reis**

Introdución

As cartas aos Reis dos nosos rapaces e rapazas moitas veces están cheas de pedimentos motivados unicamente pola influencia da televisión e da publicidade.

As cartas que o noso alumnado manexa son habitualmente presentes de revistas de comercios e os cativos e as cativas escóllenos condicionados polas páxinas rosas ou polas páxinas azules deses catálogos. Non lle dedican tempo a xogar coa carta, a preparala con ilusión ou imaxinación porque só teñen que cubri-la co seu nome.

Esta unidade didáctica fai varias propostas de actividades que teñen como obxectivo traballar a carta para os Reis dunha perspectiva lúdica. Por medio da lectura, da escritura e do xogo, tentárase fomentar actitudes non-consumistas, solidarias co medio natural e cos demais rapaces e rapazas e tamén se tentará dar a coñecer parte das tradicións galegas no que atinxe a esa noite tan máxica para eles.



A proposta de actividades céntrase na carta aos Reis Magos que se xunta con esta unidade, porén propón outras actividades complementarias para traballar na aula co gallo das próximas festas de Nadal.

A unidade está pensada para traballar con rapaces de entre 4 e 7 anos, aínda que os máis cativos quizais teñan dificultades para escribirla e terá que botarse man de pais, nais, mestres... para poder levar a cabo algunhas das propostas.

Deseguido explícanse as actividades unha a unha e faise unha pequena proposta de traballo, aínda que as posibilidades poden ser moitas e o docente será quen mellor saiba tirarlles partido, ampliándoas ou modificándoas para adaptalas aos seus alumnos e alumnas.



Actividade_1 Escribir a carta

Antes de entregarlles as cartas para que as escriban pódese facer un pequeno barullo de ideas. Podemos preguntarlles que é o que piden, ir vendo se son moitos os presentes que solicitan, se se repiten moito, se os nenos piden " cousas de nenos " e as nenas " cousas de nenas "... Unha vez que se teñan estes datos (podémoslos recoller no encerado, facer recortes con papeliños nos que se escriban os nomes dos xoguetes...), teremos que tentar inculcar valores como o non-consumismo, a non- asignación de xoguetes por sexos...

Unha boa maneira de facelo pode ser meter todos os nomes de xoguetes escritos en papeliños nunha caixa. Despois, a cegas, cada un collerá un deses papeliños, lerá o que pon e terá que describir ese xoguete: que é, onde o viu, que pode facer con el, se é para xogar só ou con compañeiros...

Deste xeito, eles mesmos se han decatarse que moitas das cousas que piden non teñen unha utilidade demasiado atractiva, son xoguetes demasiado individualistas ou simplemente o piden porque o viron na televisión...

O docente pode ir orientando as descrições e ir deixando caer que os xoguetes para compartir son máis divertidos, as cousas caras non necesariamente son as mellores, a unha nena pódelle gustar xogar con xoguetes que tradicionalmente son de nenos e tamén ao revés, un neno pode pasalo ben con cousas tradicionalmente asignadas ás nenas.

Tamén se aproveitará para aconsellar que os libros, os cadernos, as pinturas... son un bo agasallo para pedir nestas datas. Así, pódese chegar a un pequeno compromiso con eles para formar unha rede de empréstito de contos ou libros doutra natureza na aula despois destas datas, para que se animen a incluír entre os agasallos algún libro que lles guste.

Unha vez que se dialoga se sobre todo isto, os nenos e as nenas terán que redactar as cartas. Se aínda non saben escribir, poden levala para a casa para que os seus pais, nais, irmáns ou irmás lles axuden a escribirla.

Tamén podemos axudalos nós a completalas dándolles ideas ou podemos partir dun xogo no que se axuden entre eles. Un pode pedirlle aos compañeiros que lle digan cousas positivas da súa persoa para poder pólalas na carta, pode pedir asesoramento á hora de elixir as dúas ou tres cousas que pode pedir... e despois, facendo quendas, o docente pode ir escribindolles na súa carta o que os nenos e as nenas que irán.

Actividade_2 Adornar a carta

Unha vez que a carta estea escrita, o seguinte paso é adornala. Aquí as posibilidades son moitísimas e van depender dos recursos que se teñan a man.

Pódese adornar con purpurina, con restos de añar cores de cera, con pinturas, con papel charón...

Pódense recortar debuxos ou fotos e colalase, se son máis grandes os rapaces, pódese tentar facerlle un marco á carta, darlle un aspecto de pergamiño, avellentala...

Actividade_3 Escribirlle un poema ou unha canción

Os rapaces e as rapazas poden incluír nas súas cartas como agasallo para as Súas Maxestades un poema ou unha canción.

aguinaldo...). Para iso, incluímos a seguir unha serie de enderezos que se poden visitar onde atoparemos cancións da tradición popular interpretadas por grupos actuais:

- Nadal de Luintra, Os Reis do Caurel, O aguinaldo, Cantos de Reis, etc. en http://www.gaiterosgalegos.com/xoops/modules/content/index.php?id_art=75

- Cantigas de Nadal interpretadas polos Compés en: <http://www.oscompes.com/trabalhos/trabalhos.htm>
- Outra música e letra de panxoliñas, cantigas, poemas, agualdos, etc.:
Vente vindo, ven cantando, de Manuel Rico Veres.

- "Os Reis", n' O galo, de Luís Amado Carballo.

- A carón da escola (2) Cantos de Reis e de Nadal,




b) Unir cada Rei co seu agasallo e co seu camelo.
Nesta ocasión trátase de que coloreen os debuxos e que unan con frechas ou debuxos cada rei co seu nome, co seu agasallo e co seu camelo.

Podemos aproveitar para contar a historia dos Reis Magos na tradición cristiá e podemos tamén contar algunha anécdota sobre as carrozas de Reis en distintos lugares. Na internet podemos achar información dabondo para explicarlles o que consideremos conveniente dependendo da idade ou dos intereses do alumnado.

Se hai alumnado que practique outros ritos ou outra relixión, pódese convidar a súa familia para que nolo explique na aula, ou que o propio neno ou nena explique os seus costumes. Para que non sexa visto como "o diferente", o ideal sería que varios pais ou nais, irmáns ou avós acudisen nunha ou máis sesións para contar os seus costumes, actuais ou de cando eran cativos, co que se conseguiría que ninguén se sentise diferente ou excluído.

Poden procurar ideas para esta actividade en diferentes páxinas de internet, por exemplo nas seguintes:
http://pt.wikipedia.org/wiki/Tr%C3%AAs_Reis_Magos
<http://www.galiciadigital.com/images/especiales/especiales/nadal/tradicion.php>



c) Percorrer o labirinto para levar as cartas á caixa de correos.

Os alumnos e as alumnas deberán percorrer o labirinto para conseguir meter a súa carta na caixa de correos.

Este taboleiro contén algunha parada que podemos evitar ou non dependendo da idade dos rapaces e das rapazas. Os pequenos poden simplemente colorear o taboleiro e seguir o camiño, e os máis grandes poden xogar en equipos a superar as probas ou preguntas que lles xorden no camiño.

Haberá que facer catro ou cinco equipos. Os rapaces irán completando o camiño e, cando cheguen á parada, o docente indicarlles o que teñen de facer para poderen continuar o camiño. Estas probas poden depender do que se traballase previamente na aula (pódense substituír as cancións por poemas ou adiviñas, as descrições que propomos por outras que coñezan máis de preto, etc.)

Proba 1: Cada grupo terá que cantar unha panxoliña ou unha cantiga para os Reis. Terán que pórse de acordo para elixila e dramatizala perante o resto de compañeiros.

Proba 2: Cada grupo deberá describir unha das seguintes situacións (a que lles toque): quen eran os Reis e que fixeron; que hai que facer a noite de Reis para que non nos atopen despertos; que tipo de adornos se poñen na casa durante a época de Nadal; terán que escribir un cartón de felicitación para os outros equipos e lolo en alto; terán que describir un doce ou comida típica destas datas que lles guste e ou que pensen que é tradicional.

Proba 3: Cada grupo deberá elaborar un cartaz coas cousas positivas e coas cousas que non lle gustan ou que lles parecen negativas do Nadal. Para iso precísase proporcionar-lles revistas ou xornais, pinturas, e unha cartolina ou unha tira de papel de embalar que poidan dividir en dous: cousas que nos gustan/cousas que non nos gustan.

Neste caso cada alumno/a recortará e colará, debuxará ou escribirá unha cousa ou máis que lles guste moito do Nadal e outra ou outras que non lles guste ou que pensen que é inxusta.

Para elaborar estes cartaces porase un tempo (media hora ou algo máis) para que non se dispersen, e ao finalizar cada grupo explicarlle aos demais grupos o que puxeron e por que.

Con esta actividade trátase de fomentar o espírito crítico, que xa se leva traballando en toda a unidade, para que vexan que non todo o mundo pode gozar dun Nadal de cinema, que o realmente importante é aquilo que non vale diñeiro, que non todos teñen os mesmos costumes ou ritos... e foméntase tamén que valoren os xoguetes polas súas posibilidades de divertimento, o tempo de vacacións como a oportunidade de compartilo cos familiares que habitualmente non vemos, etc.

d) Compor o quebracabezas.

Nesta actividade os alumnos e as alumnas terán que recortar ou picar as pezas do quebracabezas para formar o sobre de maneira axeitada.

Podemos aproveitar esta actividade para lles explicarmos as diferenzas entre os postais e as cartas, por que se pon un selo, onde se pon o enderezo da persoa a quen lle enviamos a carta e que é o remite e para que serve.

e) Axudar os Reis a facer os xoguetes.

Obradoiro de reciclaxe.

Podemos xogar ao amigo invisible e tratar de facer agasallos reciclados. E existen moitísimas posibilidades para reciclar obxectos cotiáns e convertelos en xoguetes ou agasallos cheos de posibilidades.

Incluimos unha listaxe de enderezos do onde se poden tirar ideas e onde se encontra bibliografía sobre o tema:

<http://www.arenegra.org/caminho/materiais/varios.htm>
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/ResultadoBusqueda.aspx?CodigoBiblioteca=CBM056&Valores=DSTRaballos%20manuais%20para%20nenos>
<http://www.preescolamacasa.org/galego/programatv.php>



Actividade.5 Verdadeiro/falso Sobre os Reis e a Noite de Reis

Esta actividade é unha pequena enquisa onde os rapaces e as rapazas poden demostrar todo o que aprenderon nesta unidade didáctica. É un inquérito en que non hai verdadeiro/falso real en todas elas, mais que nos axudará a facer unha especie de recapitulación de todo o visto e que tamén servirá para avaliar se os obxectivos fundamentais se cumpriron.

Ademais de servir de avaliación tamén se pode traballar unha co-avaliación, posto que se pode responder en equipo e tratando de que fundamentalmente as respostas no xa visto ou na súa experiencia.

O docente diralle a cada un quen é o seu amigo ou amiga invisible. Unha vez que cada un elabore o seu agasallo, terán que envolverlo (pódense aproveitar os debuxos ou os motivos de Nadal que xa viñeron facendo) e gardaranse todos nalgún lugar da aula. Á volta das vacacións cada un recollerá o seu agasallo, que xa foi revisado e aprobado polos Reis. Xunto á caixa dos presentes, poderán atopar unha carta na cal os tres Reis lles dan as grazas por axudalos no seu labor e onde tamén lles explican que están moi ledos porque non gastaron de máis facendo o traballo e que están moi contentos porque os rapaces e as rapazas coidan o seu medio e son moi xenerosos ao lles agasallaren aos demais os froitos do seu esforzo. Isto pode motivar que os rapaces e as rapazas se animen a facerlles presentes aos seus familiares en lugar de pensar sempre en mercalos nas tendas.

